



**PROCEDENCIA:** ARQUITECTA MUNICIPAL

**DESTINO:** CONTRATACIÓN

**ASUNTO:** INFORME EN RELACIÓN Á DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA REQUIRIDA POLA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A OFERTA ANORMALMENTE BAIXA PRESENTADA POR PROYFE SL AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR E PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN PARA ABRIR FERROL AO MAR.

### **Antecedentes**

Tendo en conta o informe técnico, de data 29/05/2024; a Mesa de Contratación Permanente, na súa sesión celebrada en data 30/05/2024, identificou a baixa temeraria na que incorre a oferta presentada pola empresa PROYFE S.L. Polo anteriormente exposto requíreselle documentación xustificativa da baixa temeraria de acordo co disposto na cláusula 25 do PCAP que rexe a licitación e epígrafe 16 do anexo (Ofertas anormalmente baixas) do PCAP.

Con data 05/06/2024 a empresa PROYFE S.L. presenta na plataforma de contratación do sector público a seguinte documentación xustificativa da baixa temeraria:

1) Declaración responsable de que o documento de xustificación da baixa temeraria contén información de carácter particular e privado da empresa, incluídos datos técnicos e comerciais de carácter segredo e reservado que forman parte da organización e modo de traballo da empresa e que representa un valor estratéxico para a mesma, polo que non procede a súa divulgación senón a súa estricta confidencialidade, ao afectar e perxudicar á súa competencia no mercado, máxime entre as empresas do sector.

2) Apartados considerados como estrictamente confidenciais:

A.-MEMORIA

B.1.2-JUSTIFICACIÓN DE PRECIOS UNITARIOS DE PERSOAL

B.3-ANÁLISE DA PROPOSTA PRESENTADA

**Primeiro.** Presenta unha xustificación da oferta económica realizada baseándose no número e categoría de persoal adscrito ao contrato de acordo ao fixado no Prego e na experiencia da dita empresa en traballos similares. Enumeran o persoal mínimo adscrito cun persoal mínimo adscrito (1 enxeñeiro de CCP, 1 arquitecto, 1 enxeñeiro agrónomo e 1 economista) e indican o incremento de persoal para o servizo de REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR E PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN PARA ABRIR FERROL AO MAR (1 enxeñeiro de CCP, 1 arquitecto, 1 enxeñeiro industrial, 2 delineantes).



Manifesta que os custes de persoal, é dicir, os prezos para as distintas unidades se fixaron en base ao Convenio Colectivo nacional de empresas de Enxeñería e Oficinas de Estudos Técnicos para os custes do persoal, a cuxa táboa de salarios se lles incrementan os custes de SS da empresa e a antigüidade.

Presenta cadro comparativo dos anexos no que acredita os cálculo dos custes de persoal superiores aos fixados por Convenio Colectivo de aplicación.

Marca o prazo de execución conforme ao presente Prego, tanto para a redacción do Plan Director (2 meses) como para a redacción do Proxecto Básico e de Execución (4 meses).

Acredita unha proposta viable en porcentaxes de adicación con todo o persoal destinado tanto para a redacción do Plan Director como para a redacción do Proxecto Básico e de Execución. A proposta representada en ambos cadros coas diferentes categorías profesionais involucradas nas redaccións de ambos documentos técnicos vense axeitadas tanto en medios persoais como en tempos adicados para poder dar resposta a prestación sen que se vexa comprometida.

Xustifica unha partida alzada de 1.200,00€ en concepto de dietas e desprazamentos adecuada á realidade tendo en conta que se atopa no concello limítrofe e dado que o ámbito da presente licitación estaría no entorno dos 5 km da sede da empresa. Tamén manifesta que dispón en propiedade e totalmente amortizados os medios materiais requiridos, etc. Considérase xustificado e motivado un aforro extraordinario imputado a ditas condicións. Ademais, inclúe como gastos xerais a parte proporcional dos suministros ou servizos (electricidade, abastecemento, calefacción, etc) e así cos datos previos e as unidades recollidas no prego e na oferta presentada obteñen un custe directo cun importe de 140.069,17€.

Avalía nun 10,23% o importe de Gastos Xerais nunha táboa tendo en conta os diferentes conceptos entorno ao exercicio último rexistrado e de ahí calcula a cantidade de 14.329,08€. Tamén calcula unha marxe neta de beneficio (dun 11,14%) para a empresa a partir da Oferta presentada e descontando o importe de Custes Directos así como de Gastos Xerais.

Para a xustificación da súa oferta indice na excepcional situación da súa empresa respecto da localización próxima ao ámbito obxecto de licitación como un factor positivo (minimiza custes, desprazamentos, tempos, coñecemento do entorno,...), así como a expediencia en traballos similares para o Concello de Ferrol; todo isto garantindo o cumprimento das obrigas en materia medioambiental, social e laboral segundo as correspondentes disposicións legais.

**Segundo.** No punto 3 analiza a súa proposta detallando os datos nos seguintes apartados e apóiase neles para acreditar unhas condicións excepcionalmente favorables para a execución do presente contrato de servizos:

3.1 A xeitada xustificación dos prezos ofertados. Remítese ao apartado B.3 da análise da proposta presentada como xustificada e reitera que os importes ofertados representan uns custes por encima do Convenio Colectivo.

3.2 Volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais.

Reitera que dispón dos medios persoais e materiais suficientes para dar resposta á prestación non constituíndo a actividade xa contratada un impedimento para a realización da mesma.

3.3 Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada. Presenta a relación en cifras de negocios desde o ano 2020 ata o ano 2022 e xustifica que o importe ofertado supón sobre un 5% respecto do volume total anual. Reitera que dispón dun equipo formado por enxeñeiros de CCP, arquitectos, enxeñeiros industriais, enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros xeodestas, enxeñeiros técnicos industriais, arquitectos técnicos, delineantes, etc. e que engadido á experiencia neste tipo de traballos por parte da empresa acredita a solvencia técnica para este contrato de servizos.

3.4 Solucións técnicas adoptadas, condicións excepcionalmente favorables que se dispoñen para executar a prestación, causas que motivan os aforros extraordinarios, innovación e orixinalidade das solucións propostas.

Volve a incidir na proximidade do seu centro de traballo respecto do desenvolvemento do ámbito de “Abrir Ferrol ao mar” asociado ao aforro extraordinario, así como ás condicións favorables para a toma de datos, reunións de traballo e presentación de resultados, etc. Xustifica que conta cun equipo coñecedor do proxecto e que debido ao coñecemento do entorno e da súa problemática; cuestión que se puido comprobar na análise exhaustiva do entorno que presentaron na súa proposta (sobre 2). Así xustifica que, coa participación do persoal coñecedor do entorno, supón un aforro económico e non compromete a correcta execución dos traballos.

Volve a apoiarse no alto coñecemento do ámbito de traballo engadindo que na súa traxectoria profesional de case 40 anos de experiencia realizou gran número de traballos similares e sobre todo no Concello de Ferrol (e nos concellos limítrofes) polo que lles confire un grado de coñecemento extraordinario do entorno. Destaca sobre todo que xa realizaron o *Estudio Previo de Humanización de la zona de contacto entre el Puerto y la Ciudad* (contratado pola Autoridade Portuaria de Ferrol),. De dito coñecemento e do que supón a prolongación do ámbito citado xustifica a aprendizaxe adquirida e a análise da problemática do lugar para acreditar o aforro da súa oferta.

3.5 Respecto de obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumplan o establecido no artigo 201 da LCSP. Declara dito cumprimento por parte da empresa PROYFE S.L. (das obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación); tamén os prezos empregados para a xustificación non son inferiores ao mercado e cumpren co dito artigo da LCSP (prezos por riba do Convenio



Laboral de aplicación). Tamén declara o total respecto e cumprimento das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo.

3.6 Obtención de axudas do Estado. Informa que, no referente a este tipo de traballos, non é beneficiaria de ningún tipo de axuda (pública ou privada) así como para a execución do presente contrato de servizos.

Así, conclúe que a Empresa Proyfe SL ratifica a proposta de 170.000,00€ (IVE excluído) e acredita que o dito importe se xustifica á excepcional localización da empresa, a amplísima experiencia do seu equipo profesional (medios persoais) neste tipo de traballos, sendo sobre todo para o propio Concello de Ferrol (coñecemento do ámbito e do seu funcionamento) o que implica o aforro necesario para a realización da prestación.

**Terceiro.** Acompaña a xustificación da súa oferta económica da Xustificación de prezos unitarios do persoal e da análise da proposta para acreditar con cifras o que expón na memoria.

No apartado B.1 Xustificación de prezos unitarios do persoal presenta o Convenio Colectivo Nacional de Empresas de Enxeñería e Oficinas de Estudos Técnicos (BOE núm. 59 do 10/03/2023). De ahí xustifica nun cadro o custe do persoal segundo o dito convenio colectivo para as diferentes categorías profesionais (partícipes na prestación) e segundo o salario base, plus convenio, antigüidade, etc; todo ista comparativa a tenor de xustificar que todos os salarios das categorías do persoal adicado para a redacción do Plan Director como para a redacción do Proxecto Básico e de Execución son superiores ao dito Convenio de aplicación (como se pode observar no cadro compartivo xustificativo).

Presenta datos correspondentes ao certificado do exercicio do ano 2022 do Rexistro Mercantil e de Bens Mobles no que se comprobán as cifras de negocios descritas previamente para as anualidades de 2021 e 2022. Ferrol, na data da sinatura dixital. Asemade presenta informe de auditoría en relación ás contas anuais do balance 31 de decembro de 2022.

Na xustificación detallada do importe ofertado PROYFE S.L. presenta cadros comparativos cos datos que expuxo previamente para acreditar a dita xustificación. Primeiro en canto aos prezos unitarios das categorías laborais do persoal que pretende asignar á contratación do servizo de redacción respecto dos custes segundo convenio laboral de aplicación. Logo en canto á valoración xustificativa do importe ofertado para cada unha das redaccións en canto á categoría profesional e á adicación que ten calculado. En terceiro lugar, detalla os gastos diversos relativos a seguro de responsabilidade civil, edición, desprazamentos, topografía, etc.

Finalmente desagrega o importe ofertado en custes directos, gastos xerais e beneficio da empresa e calcula o importe sen IVE de 170.000,00€ e de 205.700,00 € tal como presentara no sobre 3.

**CONCLUSIÓN.** En conxunto considérase unha xustificación dos prezos ofertados axeitada, completa e no que ademais acredita o volume de actividade xa contratada, en relación cos medios persoais e materiais que indica, tamén relaciona a solvencia da empresa e a súa oferta presentada; asemade manifesta as condicións que lle



son favorables e xustifica os aforros extraordinarios; pero sen esquecer o cumprimento das obrigas en materia social, laboral e de subcontratación.

Logo de ver a xustificación detallada do importe ofertado así como os datos dos diferentes planos e apartados, que o licitador xustifica previamente, considérase suficientemente motivada para valorar a documentación como acreditativa da oferta presentada, dado que o licitador xustifica que os prezos ofertados respectan os dereitos laborais dos traballadores (que asignará ao contrato), que vai garantir a calidade da prestación a desenvolver, e que dado o coñecemento exhaustivo do tipo do traballo como do ámbito a desenvolver satisfará os intereses xerais da dita prestación.

A arquitecta municipal

María José González Novo